

6.3. TERCEIRO NIVEL DE ANÁLISE

Este terceiro nivel de análise vai permitir, a través de todo o proceso seguido ata agora, obter a finalidade do estudo de investigación, que foi deseñar unha programación formativa para cada unha das ocupacións tratadas tendo en conta todo o desenvolvemento secuencializado dos dous niveis anteriores que servirán de base para estruturar e por menorizar o estudo para tal fin.

A oferta formativa elaborada contemplou as esixencias que se derivaron tanto da propia ocupación como das que o mercado impón, e para o que require dos traballadores unha adaptación a uns perfís profesionais cada vez mais amplos, complexos e especializados.

As necesidades formativas externas (mercado laboral) e internas (propias do traballador) esixen unha reciclaxe formativa que facilite e proporcione unha incorporación e unha actualización que vai permitir a incorporación, reciclaxe, promoción..., nalgunha medida, aos cambios que se van perfilando no desempeño das tarefas e das innovacións que xurdan, así como á nova configuración do posto de traballo concreto. Para isto necesita unha formación complementaria a esa realidade que abarcará un novo concepto, una nova forma de facer e/ou unha serie de actitudes relacionadas con toda a nova estrutura das tarefas ocupacionais.

Como referentes para traballar nesta etapa foron utilizadas as competencias profesionais e os perfís profesionais definidos no nivel de análise anterior, que proporcionan información sobre os coñecementos, aptitudes e actitudes que debe posuír o traballador competente. Neste nivel empregouse toda a información recollida para poder proceder ao deseño da **oferta formativa ocupacional**, *produto final* desta última parte do estudo de forestal, na que foron integrados todos aqueles coñecementos inherentes ás funcións, determinadas previamente, e que terán carácter de tipo teórico, práctico e comportamental de forma que permita capacitar o traballador en cada unidade de competencia coa finalidade de que este poida desempeñar eficazmente o desenvolvemento da súa ocupación e conseguir así unha maior calidade no seu quefacer profesional.

O método utilizado para elaborar esta oferta formativa tivo como finalidade, como xa se dixo, deseñar aqueles cursos que recolleran as necesidades formativas mais importantes e relevantes para o desempeño eficaz da profesionalidade e que se derivan de toda a evolución do estudo.

Cando dicimos que os niveis de análise son secuencializados é precisamente porque a partir de cada un dos niveis anteriores traballados dedúcese e séntanse as bases para traballar nos seguintes.

Por outra banda cómpre resaltar que o tratamento evolutivo das ocupacións, no segundo nivel de investigación do estudo, foi investigado partindo dun carácter individual para cada unha das ocupacións, é dicir, analizáronse e desenvolvéronse por separado; unha vez conseguidas as competencias profesionais e o perfil profesional correspondente a cada unha delas, observouse que algunhas das unidades de competencia eran comúns por coincidir nas súas realizacións profesionais. É en función de todo isto que deducimos que os coñecementos que o traballador vai a necesitar para converterse nun traballador polivalente coinciden para algunhas das ocupacións, o cal lles confire un carácter interdisciplina-


rio na realización das súas tarefas. Por isto estableceuse, neste terceiro nivel, un tratamento grupal aglutinado xa naquelas ocupacións que así o requiriron.

■.. MARCO CONCEPTUAL DO TERCEIRO NIVEL DE ANÁLISE

Como xa vén contemplado na exposición da metodoloxía xeral, recollida ao principio do estudo, neste terceiro nivel **pártese dos perfís profesionais** obtidos no segundo nivel, e **deles deriváronse os contidos formativos** implicados nas **unidades de competencia, realizacións e criterios de execución** de cada ocupación, sempre enmarcado dentro dun ámbito pedagóxico para que, aínda tendo entidade propia como nivel individual, o seu tratamento estea perfectamente secuencializado e así proporcione unha cadea lóxica na investigación do estudo, mostrando e utilizando o produto final de fase como o produto de entrada da seguinte.

• OBXECTIVO •

O obxectivo deste estudo foi **deseñar cursos** que configuraron unha oferta formativa adecuada e necesaria para que lles proporcionara aos traballadores os medios necesarios para paliar unha deficiente ou escasa preparación laboral, unha reciclaxe constante na súa profesionalidade e/ou unha polivalencia ocupacional que aumentara a súa capacidade de empregabilidade e de promoción.



• MÉTODO •

Dividimos este novo nivel do estudo en tres fases en función de elaborar un desenvolvemento lóxico que adecuara a oferta de formación ás necesidades reais do traballador.

1ª FASE... ■ **Contidos formativos das ocupacións**

2ª FASE... ■ **Configuración modular**

- *Programa formativo (módulos profesionais. A súa estruturación).*
- *Itinerario formativo modular*
- *Obxectivos modulares*

3ª FASE... ■ **Deseño de cursos**

- *Módulos profesionais. Contidos formativos modulares*
- *Mapa de cursos. Táboa de confluencia modular*

DESENVOLVEMENTO FORMATIVO DAS FASES

> • 1ª FASE ... Contidos formativos das ocupacións

Esta fase permitiunos situar o traballador no seu contexto laboral e intentar adaptar a súa ocupación (co carácter polivalente obtido para este nivel) ás funcións que pode realizar. Para isto ha de posuír o coñecemento daquelas tarefas e condutas que deriven da súa posta en práctica coa finalidade de mellorar a calidade e eficiencia do seu labor profesional.

Dado que aglutinamos varias ocupacións nunha soa, o seguinte paso será recoller todas aquelas unidades de competencia e as súas realizacións profesionais comúns e específicas para cada unha delas e esmiazar, por así dicilo, o seu contido.

Para conseguir que o traballador se axustase á/s ocupación/s era necesario dotalo coas habilidades e destrezas necesarias na utilización dos recursos que o proceso formativo poña en marcha.

Os coñecementos requiridos polo tanto para logralo saíron principalmente do filtrado de enquisas e atenden á natureza daqueles: coñecementos teóricos, coñecementos prácticos e coñecementos actitudinais.

Cos **TEÓRICOS** (recollidos no apartado **SABER**) recollemos aqueles contidos tanto de carácter profesional como de innovación, e desta forma pasamos a elaborar os **PRÁCTICOS** (**SABER FACER**), que recollen as aplicacións prácticas (actuacións que implicarán unha rendibilidade) e as innovacións que poden xurdir para adquirir un grao de autonomía maior e ser capaz así o traballador de enfrontarse a continxencias diversas sen que afecten negativamente ao seu servizo. É a partir de aquí cando se necesitaron describir os comportamentos laborais mais adecuados (actitudes, valores e normas) que se derivaban e complementaban para que a capacitación do traballador dentro da ocupación tratada (**SABER ESTAR E ACTUAR**) lle poida proporcionar as condicións adecuadas para enfrontarse e dar respostas eficaces no seu desenvolvemento laboral.

>.• **2ª FASE ...** *Configuración modular*

- **Programa formativo** (*módulos profesionais. A súa estruturación*)

Os módulos profesionais desenvolvéronse dentro de cada unha das unidades de competencia e recollen os coñecementos que agrupan contidos formativos necesarios para cada unha delas cumprindo unhas condicións pedagóxicas determinadas que deron lugar a un curso.

Para estruturar os módulos partiuse dunha análise previa das unidades, pois delas é de onde han de emerxer os contidos que formen os módulos coa base pedagóxica adecuada para cumprir o obxectivo xeral que sirva como punto de partida para capacitar o traballador na adquisición do nivel de actuación profesional para realizar as tarefas propias das unidades de competencia. O seu proceso formativo e a súa adaptación ao contorno laboral, así como a polivalencia posible das súas funcións, é o obxectivo final que se perseguiu.

Segundo lle afecten estes coñecementos profesionais esixibles a cada unidade e recollidos nos cursos a unha ou varias desas unidades haberá que especificar se son ocupacionais, transversais ou específicos:

Cursos ocupacionais.- Abarcan coñecementos comúns a toda a ocupación e responden a un perfil profesional xenérico desta. Diríxense a todas as unidades de competencia.

Cursos específicos.- Abarcan contidos dunha área mais concreta e definida. Capacitan para o desempeño dunha parte concreta dunha ocupación ou permiten mellorar as capacidades en aspectos concretos dalgún dos contidos. Van a unha soa unidade de competencia.

Cursos transversais.- Capacitan para varias unidades de competencia, van a mais dunha. Poden posuír incluso carácter interocupacional.

- **Itinerario formativo modular**

Consiste en ordenar o percorrido pedagóxico da traxectoria formativa para lograr as competencias profesionais. Para isto establécense unha serie de módulos específicos (básicos e puntuais), módulos transversais e outros ocupacionais, que informan e abren o campo ao traballo formativo con secuencias lóxicas e ordenadas desde os mesmos principios da aprendizaxe.

Resumindo, a partir da totalidade dos módulos profesionais (colocados nunha orde progresiva ascendente de aprendizaxe que vai dos coñecementos máis simples aos máis complexos) que corresponden a unha ocupación oriéntase a traxectoria formativa, que capacitará cos seus módulos o traballador para facerlles fronte ás esixencias profesionais que se lle presenten no desempeño da ocupación.

Segundo sexa a natureza dos módulos, estes poderán ser:

⇒ **Módulos específicos.**- Recollen coñecementos específicos dunha área do curso.

⇒ **Módulos transversais.**- Irán colocados na secuencia antes do módulo para o que é necesario, recollerán varias áreas de coñecementos máis amplos.

- **Módulos ocupacionais.**- Sitúanse antes ca ningún outro na secuencia, xa que abarcan coñecementos necesarios para toda a unidade de competencia.

Quedará desta forma ordenada pedagoxicamente a traxectoria formativa por curso nunha representación gráfica fácil de controlar a nivel visual.

- **Obxectivos modulares**

Foi necesario dotar cada módulo duns principios específicos que respondían á finalidade para a que foron concibidos, polo que resultaba fundamental determinar unha organización interna que respondese á súa vez ás necesidades reais das unidades de competencia e abarcasen os coñecementos prácticos, os aspectos técnicos e as actitudes profesionais (saber, saber facer e saber estar e actuar); con eles dominase o proceso da unidade e establécense as capacidades como obxectivo xeral cuxo logro consistirá noutros logros parciais reflectidos nos obxectivos específicos:

- Obxectivos técnicos
- Obxectivos de procedemento
- Obxectivos de actitude

Estes son concibidos como realizacións funcionais para lograr o obxectivo xeral (capacidades que hai que alcanzar ao final do proceso).

En cada módulo profesional especifícanse os criterios que permiten avaliar a aprendizaxe referida aos seus contidos formativos. Estes criterios, chamados de avaliación, parten dos obxectivos específicos de cada módulo e estarán en relación cos contidos formativos do módulo.

O conxunto (a globalidade destes obxectivos específicos) serán pois aqueles logros parciais (coñecementos profesionais) de capacitación laboral que han ser avaliábeis en función da súa realización funcional e das tarefas, cumprindo sempre co nivel de cualificación esixido.

>. • **3ª FASE ...** Diseño de Cursos

O obxectivo dos cursos é capacitar o traballador profesionalmente e actualizalo constantemente para que poida facerlle fronte ao desempeño de toda a ocupación, ou dunha parte dela, por medio da acción formativa, tanto a nivel total como parcial, dando con iso unha resposta real de mercado á ocupación.

Para levar a cabo o deseño do CURSO necesitouse reunir toda a información, é dicir, aqueles datos que o configurarán.

... DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación do curso
- Área profesional (actividade)
- Tipo de curso
- Duración
- Obxectivo xeral
- Requisitos do profesorado:
 - Nivel académico: coñecementos xerais (titulación)

- Experiencia
- Nivel pedagóxico
- Requisitos de acceso do alumno
 - Nivel académico
 - Técnico
 - Condicións físicas en caso necesario
- Instalacións
- Equipo e material
- Relación secuencial de módulos profesionais. Denominación de módulos secuencializados e pedagoxicamente ordenados.

➔ **Módulos profesionais. Contidos formativos modulares**

Para determinar os contidos formativos de cada módulo seguindo o itinerario modular tiveron que terse en conta, en función do seu obxectivo xeral, os coñecementos teóricos, prácticos e comportamentais, sinalando asemade a dotación necesaria (materiais e medios) para estes; o seu nivel hase de corresponder co nivel de profesionalidade esixido con anterioridade.

➔ **Mapa de cursos. Táboa de confluencias modulares**

Con el pretendeuse dar unha visión xeral do conxunto de cursos, tanto ocupacionais como específicos e transversais, que se derivaron de cada unha das ocupacións das distintas áreas profesionais.

6.3.1. XERENTE FORESTAL

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Xerente forestal(ocupación polivalente)
- ➔ **Actividade**
Aproveitamento madeireiro
Caza
Produción de planta

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Planificar e controlar a estratexia da actividade empresarial.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Analizar e avaliar a viabilidade da empresa mediante estudos e previsións que garantan unha toma de decisións e un deseño adaptado ás necesidades empresariais.
	1.2	Dirixir a orientación estratéxica da empresa, para establecer políticas empresariais e garantir así o posicionamento no mercado.
	1.3	Establecer a previsión orzamentaria segundo os obxectivos establecidos e a experiencia acumulada para dispoñer dunha referencia e realizar así o seguimento da actividade.
	1.4	Realizar o control e seguimento da evolución da actividade empresarial.
	1.5	Adecuar a infraestrutura empresarial á produción e demanda comercial.

SABER

- ◆ Relación entre produción e tendencias do mercado.
- ◆ Variables intervinientes na actividade empresarial.